



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria da Mesa de contratación no expediente de contratación da obra “Ampliación e pavimentación do vial A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)”.

EXPEDIENTE: 783/2020

Considerando que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 8 de xullo de 2021, estima que a oferta presentada pola empresa NAROM S.L.. podería ter presentado unha oferta economicamente desproporcionada, polo que de acordo co previsto na cláusula duodécima do prego de cláusulas administrativas procedeuse requirila para que no prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES presentase xustificación axeitada das circunstancias que lle permitiría executar dita oferta nesas condicións, cos criterios establecidos a este respecto polo artigo 149.4 da LCSP.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º Convocar, aos membros da Mesa de contratación, para o día 23 de xullo de 2021, ás 09:00 horas, para a avaliación definitiva das ofertas, segundo os criterios de adxudicación establecidos na Cláusula Décima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e formular a correspondente proposta de adxudicación.

2º Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Manda e asina o Sr. alcalde Carlos Vieitez Fernández, en Meaño, ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, do que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

